

***CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA  
PROXECTO LECTOR.***

# **PROXECTO LECTOR**

**CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA**

**DATA DE ELABORACIÓN: OUTUBRO DE 2012**

**DATA DE REVISIÓN e ACTUALIZACIÓN: Ao inicio de  
cada curso.**

## **INDICE**

- 1- ANÁLISE DO CONTEXTO:**
- 2- VALORACIÓN INICIAL**
- 3- OBXECTIVOS XERAIS**
- 4- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**
- 5- PROPOSTAS LECTORAS DO CENTRO**
- 6- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN**

|                         |                                 |
|-------------------------|---------------------------------|
| 1- ANÁLISE DO CONTEXTO: | PARA ESTES DOUS PRIMEIROS       |
|                         | APARTADOS REMITÍMONOS Á ANALISE |
| 2- VALORACIÓN INICIAL   | E A VALORACIÓN CORRESPONDENTE   |
|                         | XA FEITAS PARA O PROXECTO       |
|                         | LINGÜÍSTICO                     |

### 3- OBXECTIVOS XERAIS

- Espertar e aumentar o interese do alumno pola lectura a través do traballo diario.
- Fomentar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de disfrute persoal.
- Fomentar no alumno, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica.
- Fomentar o hábito lector
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

**CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA**  
**PROXECTO LECTOR.**

- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- \* Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
- \* Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o desfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.
- \* Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.
- \* Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.

***Obxectivos xerais para primeiro ciclo***

- \* Localización de informacións en textos para aprender, vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
- \* Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

**CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA**  
**PROXECTO LECTOR.**

\* Valoración da autonomía lectora, interese pola elección de temas e de textos, pola comunicación das preferencias persoais, e pola apreciación do texto literario como recurso de desfrute persoal.

\* Iniciación ao uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos

textuais diversos.

\* Introducción ao uso das bibliotecas do centro e da aula, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e para o coñecemento.

\* Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

***Obxectivos xerais para Segundo ciclo.***

\* Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras en adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.

\* Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)

\* Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e de literatura actual en diversos soportes.

\* Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

**CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA**  
**PROXECTO LECTOR.**

\* Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.

Obxectivos xerais para Terceiro ciclo.

\* Lectura:

-Expresiva de textos de diferente tipoloxía textual non literaria.

-Persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela).

-Guiada de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.

-Comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos.

\* Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...)

\* Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

\* Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación e fonte de aprecio da cultura e como recurso de disfrute persoal.

#### 4- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4.1. Relacionados con todas as áreas curriculares de **E. Infantil.**

· Fomentar o traballo na biblioteca de aula.

· Fomentar e impulsar a lectura comprensiva dende o primeiro momento con actividades graduais.

4.2. Relacionados con todas as áreas curriculares de **E. Primaria.**

- Fomentar e impulsar a lectura comprensiva dende o primeiro momento con actividades graduais.
- Impulsar as actividades que fomenten o gusto pola lectura e a creación literaria.
- Aplicar métodos e procedementos para mellorar e resolver as dificultades que teñen os alumnos para a comprensión lectora de acordo con a súa idade e características persoais.
- Desenvolver a formación lectora dos alumnos a través de as tecnoloxías informáticas.

**4.3** Relacionados con todas as áreas curriculares de **E. Secundaria**

- Fomentar e impulsar o uso e disfrute do espazo da Biblioteca para que se convirta nun hábito voluntario.
- Intercambio de información sobre determinados libros.
- Facilitación por parte do docentes de información sobre lectura determinadas.

4.4. Relacionados coa organización e funcionamento da biblioteca.

- Organizar os servizos da Biblioteca para obter o seu máximo aproveitamento.
- Que os alumnos/as coñezan a organización e funcionamento da Biblioteca.
- Fomentar o empréstito dos libros da Biblioteca do Centro para optimizar o aproveitamento deste recurso.

**CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA**  
**PROXECTO LECTOR.**

- Realizar actividades en torno aos libros lidos: modelo de ficha, por exemplo, e que sexa progresiva, como complemento á lectura de cada libro.

4.5. Relacionados para favorecer a colaboración familia-centro.

- Inculcar ás familias a necesidade da súa participación e implicación, na aprendizaxe e gusto pola lectura, dos seus fillos.

- Presentarlles as familias a biblioteca do centro como un recurso aberto a comunidade.

4.6. Relacionados con alumnos con necesidades específicas.

- Elaboración de Adaptacións Curriculares unha vez esgotadas as medidas ordinarias de reforzo destinadas a conseguir os obxectivos propostos nos alumnos con necesidades especiais, específicas e estranxeiros.

- Atención individualizada na aula ordinaria, e apoio por parte de Profesores especialistas en , A.L.

- Traballar no seu grupo de clase segundo o seu particular desenvolvemento madurativo e a adaptación social.

## 5- PROPOSTAS LECTORAS:

5.1. Actividades dende todas as áreas curriculares.

- Realizar actividades en torno aos libros lidos.
- Elaboración de textos diferentes: receitas de cociña, noticias, contos, carteis publicitarios..

5.2. Actividades dende todas as áreas curriculares de primaria.

- Adicar un tempo mínimo de 30 minutos diarios á lectura.
- Impulsar actividades que fomenten o gusto pola lectura e a creación literaria.



**CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA**  
**PROXECTO LECTOR.**

- Lectura individual diaria sobre todo cos alumnos do primeiro ciclo
- .Lectura colectiva semanal comentada.
- Traballos de investigación sobre autores.
- Aplicación das nova tecnoloxías no fomento da lectura.

**5.3. Actividades complementarias ou extraescolares.**

- Elaboración de murais e debuxos relacionados as lecturas lidas e comentadas.
- Participación en diversos concursos de elaboración de textos.
- Acudir á representación de obras teatrais.
- Posta en escena de pequenas obras teatrais ( Nadal, Fin de Curso).
- Traballos sobre autores relacionados con días sinalados.
- Utilizar o dicionario para buscar o significado de expresións.

**5.4. Actividades referidas á biblioteca do centro.**

- Coñecer a organización e funcionamento da Biblioteca do centro.
- Fomentar a utilización da biblioteca escolar, establecendo un empréstito semanal e impulsando a realización de actividades en torno aos libros lidos.
- Completar un modelo de ficha como complemento da lectura do libro.
- Realizar traballos de investigación.
- Destinar algo do presuposto do Centro para a adquisición de novidades, reposicións de materiais danados e volumes perdidos.

**5.5. Actividades / estratexias deseñadas para favorecer a colaboración entre familia e o Centro.**

- Inculcar nas familias a necesidade e implicación na aprendizaxe e gusto pola lectura dos seus fillos.
- Implicar ás familias en actividades que fomenten o gusto por a lectura.

- Colaboración entre o centro e a familia nas actividades que se realicen por ambos os dous lados.

## 6- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- Facer un seguimento do que realmente le cada alumno.
- Actividades encamiñadas a facer un seguimento do nivel lector de cada alumno.

A Avaliación do Plan enténdese como parte integrante do mesmo Proxecto, estando presente en cada un dos procesos dende o inicio ata a elaboración das conclusións finais.

A finalidade desta Avaliación é facer promoción de datos que sirvan aos docentes para efectuar cambios e tomar cesións que melloren a realización do Plan. se a avaliación non cumpre este obxectivo non tería moito sentido.

O éxito ou fracaso do plan non só se referirá ao propio Plan, senón que hai que ter en conta uns aspectos que de antemán xa están conseguidos:

- A comunicación e o intercambio do Equipo Docente co que supoñen de enriquecemento profesional.
- Consensuar aspectos educativos básicos, nunca é unha perda de tempo.
- La reflexión común sempre tende a dar coherencia ao traballo realizado.

A avaliación ten tres momentos:

### AVALIACIÓN INICIAL

Nesta fase analízanse todos os factores que están en xogo ao comezar o traballo:

Recollerase información inicial a través da observación directa e sistemática en relación aos obxectivos fixados. Faranse rexistros do observado

#### AVALIACIÓN DO PROCESO

Donde se valorarán os progresos en relación a avaliación inicial.

Este tipo de avaliación servirá para detectar posibles dificultades.

#### AVALIACIÓN FINAL

É o momento de avaliar os resultados:

- Obxectivos que se conseguiron e o seu grao de consecución.
- Obxectivos que non se conseguiron e por que.
- Adecuación das actividades realizadas ao nivel dos alumnos.
- Aspectos susceptibles de mellorar.
- Dificultades atopadas de todo tipo.
- Progresos detectados no nivel da lecto-escritura.
- Progresos detectados no gusto pola lectura e escritura.
- Suxerencias de cara a anos vindeiros.